



ALBERGUE A FABRICA DA LUZ
 Barcoada, s/n, 32741 Parada de Sta. OureNSE
 T. +34 988 201 525 / 988 201 023 / 620 986 863

ALBERGUE A FERRIA DA LUZ
 Barcoada, s/n, 32741 Parada de Sta. OureNSE
 T. +34 988 201 525 / 988 201 023 / 620 986 863

ALBERGUE A FERRIA DA LUZ
 Barcoada, s/n, 32741 Parada de Sta. OureNSE
 T. +34 988 201 525 / 988 201 023 / 620 986 863

ALBERGUE A FERRIA DA LUZ
 Barcoada, s/n, 32741 Parada de Sta. OureNSE
 T. +34 988 201 525 / 988 201 023 / 620 986 863



CONTINUIDADE DA RUTA
DIRECCIÓN ERRÓNEA
SEGUR A ESQUERDA
SEGUR A DEREITA
PRECAUCIÓN

PUNTO DE ACOLLIDA
CAMPING OS INVERNADEIROS
 Estrada Allariz-Celanova, km 3
 32660 ALLARIZ

CENTRO SOCIAL VILAR DE SANTOS
 Estrada de Celanova, 7
 32650 VILAR DE SANTOS

SETEMBRO_MAIO
 todos os días **09:30-18:00 h.**

XUÑO_AGOSTO
 todos os días **09:30-22:00h.**

ABERTO TODO O ANO
 todos os días **10:00-18:00 h.**

atención telefónica **664 104 121**

atención telefónica **988 442 006**
988 442 248

ruta	nome	km	dificultade
1	ruta SANTA MARIÑA	26,4 km	●●●●●
2	ruta TERRA DO MILLO	19,8 km	●●●●●
3	ruta FOXO VELLO	15,1 km	●●●●●
4	ruta dos LAGARTEIROS	11,4 km	●●●●●
5	ruta do MONTE COVELO	7,5 km	●●●●●
6	ruta da PARROQUIA DE PARADA	23,6 km	●●●●●
7	ruta das CASAS DA VEIGA E VILAR DE SANTOS	12,8 km	●●●●●

DATOS ENLACE

altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia
895 m	54 m	2,25 km
altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo
840 m	54 m	15'

RUTAS

● moi fácil ● fácil ● difícil ● moi difícil

Comunicacións

- Autoestradas/Autovías
- Estatal
- Primaria
- Secundaria
- Deputación
- Outras estradas
- FFCC

Límites

Límite de concello

Toponimia

Concello

Capital municipal

Poboación

Parroquia

SANDIÁS


- Sandiás
- O Mosqueiro
- Sandiás (Santo Estevo)

Simboloxía

- Conxunto histórico
- Castro
- Restos arqueolóxicos
- Camping
- Museo
- Igrexa
- Capela
- Convento / Mosteiro
- Ponte
- Punto de información
- Aparcadeiro
- Punto de acollida
- Paraxe natural
- Vista panorámica
- Praia fluvial
- Espazo natural

Inicio e conexión de ruta

● enlace ● 1 ● 6



Os concellos de Allariz e Vilar de Santos fan parte da Reserva de Biosfera Área de Allariz, que comparten cos territorios da Bola e Rairiz de Veiga. Por Allariz tamén pasa a "Vía da Prata", unha das alternativas do Camiño de Santiago, na súa variante de Verín.

O territorio que abrangue este Centro BTT fica delimitado por dous importantes ríos: o Arnoia en Allariz e o Limia ao sur de Vilar de Santos. Son moitas as vilas espalladas por toda a paisaxe que se mesturan con ríos, regatos, pontes e pasos de pedra. Aquí é posíbel achar elementos arqueolóxicos e etnográficos de primeiro nivel e unha extraordinaria riqueza que vai da cultura dos castros á Idade Media.


O Centro BTT, con 118 quilómetros sinalizados, ofrece sete rutas divididas en dous grupos. Cada grupo está conectado ao outro por medio dun pequeno enlace de pouco máis de dous quilómetros, o que permite combinacións de itinerarios e posibilita planificar longas xornadas de bicicleta. Percorridos para todos os públicos, mais tamén outros máis longos e de maior desnivel. Esixencia que non é extrema e que mesmo permite realizar máis dunha ruta o mesmo día.

Unha oportunidade para descubriremos a maravillosamente restaurada vila de Allariz, os seus restaurantes, hoteis con encanto e unha ampla variedade de tendas *outlet*. Sen esquecer o seu parque etnográfico e numerosos museos. Tampouco o Festival Internacional de Xardíns, que se celebra todos os anos. Tamén aconsellamos dar un paseo a carón do río Arnoia, ata a ponte medieval.

Vilar de Santos destaca pola súa paisaxe, moi diferente á do resto de Galicia: amplos campos de cultivo nunha zona chaira, parcialmente inundable e bordeada por montañas. O seu pasado estivo marcado pola case desaparecida Lagoa de Antela.



foto portada: Peneda da Moura. Armeá edita. Turismo de Galicia textos: Oficina Técnica Centros BTT Galicia cartografía: Sherpa Project, S.L. D.L. C 1654-2019



R.1 ruta SANTA MARIÑA

A variedade de corredoiros e camiños, unida á súa riqueza patrimonial, fan deste percorrido un dos imprescindibles na zona de Allariz.

En varios treitos, o ciclista topárase con peregrinos que viaxan polo Camiño de Santiago "Vía da Prata", en dirección a Santiago.

Abandonamos Allariz en dirección norte, cara a Roizir. A ruta vai ata un lugar moi pequeno, pero con moita historia, chamado Armeá, a carón de Santa Mariña de Augas Santas e a súa igrexa. O castro de Armeá, onde foron localizados uns guerreiros pétreos que hoxe se conservan no Museo Arqueolóxico de Ourense, e o templo-basilica foron declarados Conxunto Histórico-Artístico. Paga a pena visitar a cripta coñecida como "Os Fornos", onde a tradición sitúa o martirio de Santa Mariña, condenada a morrer abrasada e salvada pola intervención divina de San Pedro.


Antes de facermos o último treito desta ruta, é recomendable visitar o Ecospazo O Rexo, en Requieiro de Valverde, famoso pola intervención escultórica e pictórica do artista vasco Agustín Barroja sobre árbores e as grandes rochas a carón do río Arnoia.

Retornamos a Allariz percorrendo o río Arnoia para deleitarnos co seu fermoso paseo fluvial.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	643 m	482 m	26,4 km	-
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	425 m	482 m	2h 40'	●



Esquerización vertical x10



R.5 ruta do MONTE COVELO

Esta versión curta da Ruta 6, "Parroquia de Parada", é óptima para bicis de montaña, de *touring* ou gravel. Unha alternativa para gozarmos dun pequeno percorrido que sae do Punto de Acolliada, situado nas proximidades da piscina de Vilar de Santos, e rodea as inmediacións do Monte Covelo.

O percorrido pasa principalmente por pistas de terra compacta que facilitan a travesía. Desde Castelaus poderemos apreciar as distintas paisaxes da comarca da Limia; por un lado está a chaira, cos seus campos de cultivo e, polo outro, unha zona máis montañosa caracterizada por silueas arredoadas. A menos dun quilómetro deste punto sitúase a bifurcación que nos permite continuar pola Ruta 6, "Parroquia de Parada" e realizar un percorrido máis longo e esixente.


O percorrido continúa en ascensión ata o concello veciño de Sandiás. Desde aquí, un rápido descenso por pista lévanos ata un treito que combina camiños de pedra natural cun viero moi frondoso.

Os restos do antigo muíño do Ruxidairo e o cruzamento dun pequeno regato indican a proximidade á poboación de Vilar de Santos e regreso ao Punto de Acolliada.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	727 m	166 m	7,5 km	R6
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	622 m	166 m	45'	●



Esquerización vertical x10



R.2 ruta TERRA DO MILLO

Case vinte quilómetros de lonxitude e un perfil altimétrico clásico en forma de pirámide. Afástámonos da zona céntrica de Allariz en dirección sur, subindo costas que van mudando o asfalto das rúas pola terra das pistas.

O ciclista chegará ata os 857 metros de altitude, a cota de maior altitude de todo o Centro BTT. Este punto coincide co enlace á Ruta 6 "Parroquia de Parada", que permite conectar coas rutas do sector de Vilar de Santos.


En Penamá poderemos coller auga nunha fonte situada no centro da vila. Mais esta non será a única oportunidade que teñamos para nos refrescar, en San Mariño de Fazo tamén teremos a posibilidade de descansar, recoller auga e visitar a súa igrexa, coñecida a morrer abrasada e salvada pola intervención divina de San Pedro.

Os últimos quilómetros son, practicamente todos, costa abaixo; cruzamos A Portela ata chegarmos á ribeira esquerda do río Arnoia para retornar ao punto de partida no camping municipal.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	857 m	574 m	19,8 km	R6
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	422 m	574 m	2h 00'	●



Esquerización vertical x10



R.3 ruta FOXO VELLO

Foxo Vello é unha ruta que mestura un percorrido semi-urbano con outro máis natural, moi recomendable para o ciclista que queira facer un itinerario atractivo e asumible, tanto física como tecnicamente.

Na súa parte inicial remonta o río Arnoia ata o centro urbano de Allariz, que practicamente conserva intacto o seu núcleo principal, granitico tanto en rúas coma nos seus edificios. Rodeando o Monte do Castelo, un antigo asentamento romano, chegaremos ata o Mosteiro de Santa Clara, que conta co maior claustro barroco de España e un museo con pezas únicas de gran valor.


Á saída de Nanin e en dirección á Aira Vella e á Portela da Aira Vella, habemos mergullarnos nunha contorna natural, onde a sombra das árbores ofrece unha protección natural contra a calor estival.

A parte final propón varios lugares de interese para facer unha parada antes de retornarmos ao camping. Podemos visitar a praia fluvial de Acaerica, na marxe esquerda do río, e contemplar o maravilloso conxunto que conforman a ponte románica e a igrexa de Vilanova.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	675 m	310 m	15,1 km	-
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	425 m	310 m	1h 30'	●



Esquerización vertical x10



R.4 ruta dos LAGARTEIROS

Este é o único percorrido do sector que non pasa polo núcleo urbano de Allariz.

Saimos do camping por unha curiosa ponte de madeira que pasa sobre o río, xunto a uns pasos de pedra. Após tres quilómetros de subida, chegamos ás inmediacións de Outeiro de Otraca para continuar o noso percorrido cara á parroquia de Queiroás.


Alternando tranquilas pistas de terra e algunha asfaltada, ademais de campos de cultivo, adentrámonos no último treito que nos leva de novo cara ao río Arnoia por un antigo camiño. Cruzamos o río por unha ponte de pedra, claro exemplo da riqueza arquitectónica popular galega.

Un retorno compartido coa Ruta 2, "Terra do Millo", completa este percorrido do mesmo xeito que comezou, gozando da galería fluvial que forman o leito do río e a flora da contorna.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	568 m	190 m	11,4 km	-
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Camping Os Invernaderos 42° 11'53.4" N / 7° 49' 5.27" W	422 m	190 m	1h 10'	●



Esquerización vertical x10



R.6 ruta da PARROQUIA DE PARADA

Este percorrido adéntrase na zona norte do concello de Vilar de Santos ata o límite con Allariz e comparte o seus primeiros dous quilómetros e a súa parte final coa Ruta 5, "Monte Covelo".

Saimos de Castelaus e desvíanosos cara à esquerda, en dirección a Parada de Outeiro, onde poderemos coller auga da fonte situada a pé de ruta. Seguimos pedaleando ata chegar a lugar coñecido como O Camiño da Brea, rodeados de carballos e campos de cultivo.

Á saída da aldea da Venda poderemos gozar dunha ampla panorámica co Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, o Pico do Mediodía e o Larocho, ao fondo.

De novo en camiño, pasaremos por un terreo bastante cómodo ata chegarmos ao punto máis setentrional do concello de Vilar de Santos, no quilómetro nove, onde poderemos ligar coas rutas do sector de Allariz.


En Laioso poderemos visitar a capela de San Xoán e facer unha parada na fonte da Lama, para collermos folgos antes de subirmos ao Pico Cantariñas. O cumio está sinalizado, mais para chegar a el cómpre abandonar a ruta principal e subir por unha empinada pendente.

Os últimos dez quilómetros están caracterizados por un relevo quebrado, onde nos enfrontaremos a dúas pequenas subidas antes de chegar a Vilar de Santos.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	854 m	577 m	23,6 km	R2
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	622 m	577 m	2h 20'	●



Esquerización vertical x10



R.7 ruta das CASAS DA VEIGA E VILAR DE SANTOS

Unha ruta moi familiar, completamente chá, que pasa pola contorna da canal principal da Lagoa de Antela, un espazo natural que hoxe está protexida pola figura de ZEPA (Zona de Especial Protección para as Aves).

A tipoloxía do terreo permitirános facela en bicicleta de montaña, *touring* ou gravel.


As pistas de terra compacta e a ausencia de tráfico permiten pedalar con tranquilidade e gozar desta contorna natural. Só atoparemos algunha estrada ao principio e fin da ruta, aínda que a visibilidade é boa.

O percorrido pasa, maiormente, cerca dos límites do concello de Vilar de Santos cos outros concellos limítrofes de Sandiás, Xinzo de Limia, Porqueira e Raizir de Veiga.


Pedalearemos polas proximidades da Lagoa de Antela, un dos meirandes pantanos da Península Ibérica o seu completo desecamento na década de 1960 e onde aínda fican en marcha algunhas explotacións de áridos. Un lugar ideal para observar aves, unha actividade na que nos poderemos iniciar co apoio dos paneis interpretativos situados ao longo da ruta. O Museo da Limia dedica boa parte da súa exposición a este lugar, que segue a ser un referente mítico en toda a comarca.

Como lembrar que, pola proximidade dalgunha explotación mineira, é obrigatorio seguir as normas ou, eventualmente, as indicacións dos operarios. Está prohibido bañarse en toda a zona protexida.

saída	altura máx.	des. acum. posit. (+)	distancia	enlaces
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	637 m	20 m	12,8 km	-
chegada	altura mín.	des. acum. negat. (-)	tempo	dificultade
Casa do Concello de Vilar de Santos 42° 5' 14.58" N / 7° 47' 39.46" W	614 m	20 m	1h 20'	●



Esquerización vertical x10



Forno comunal de Vilar de Santos



Camiño da Brea. Parada de Outeiro



Igrexa de Santa Mariña de Augas Santas



Ponte dos Osos

Recomen da cións



Ponte de Vilanova. Allariz

- ▶ É obrigatorio o uso do casco.
- ▶ Non esquezas revisar o estado da bicicleta.
- ▶ Infórmate sobre aspectos técnicos da ruta e sobre a meteoroloxía do día.
- ▶ Seleccióna o itinerario axeitado en función da túa capacidade física e técnica.
- ▶ É importante circular asegurado. Tramita a túa licenza na Federación Galega de Ciclismo.
- ▶ Sempre debes levar auga, roupa de abrigo, kit de reparacións e o teléfono móbil ben cargado.
- ▶ Coida o medio ambiente. Procura non molestar aos animais nin deteriorar a vexetación. Respecta as zonas privadas.
- ▶ O contorno polo que vas circular é aberto, de libre circulación e escenario de múltiples actividades (deportivas, forestais, gandeiras e agrícolas). Mantén sempre unha actitude comprensiva, prudente, responsable e respectuosa.
- ▶ Calquera actividade na natureza implica riscos, non sempre controlables.
- ▶ É a túa responsabilidade calcular os perigos do percorrido e da meteoroloxía do momento.

- ▶ Nos puntos de acollida existe a posibilidade de alugamento de bicicletas e cascos, no caso de que necesites material extra.
- ▶ Indica no Punto de Acolliada, ou no seu defecto a un familiar, que ruta vas realizar.
- ▶ O deseño das rutas permíteche enlazar varios percorridos e gozar dunha ruta á túa medida.
- ▶ Podes descargar os tracks das rutas na páxina web www.turismo.gal
- ▶ Podes contribuir ao mantemento do Centro BTT informando aos responsables do Punto de Acolliada ou puntos de información de posibles incidencias no estado e sinalización dos percorridos.
- ▶ Debes obedecer a sinalización das rutas, dar prioridade aos peóns e cumprir coas normas xerais de circulación.
- ▶ No caso de ausencia de sinais de seguimento nos cruzamentos, circula polo camiño preferente.